

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 8 de setembro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas especializadas de idiomas de réxime especial que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, regula nos seus artigos 59, 60, 61 e 62 as ensinanzas de idiomas de réxime especial, establece que estas se organizarán en tres niveis: básico, intermedio e avanzado e fixa as características básicas das ensinanzas especializadas de idiomas de réxime especial, cuxa finalidade é proporcionarlle ao alumnado unha formación en linguas de calidade.

En consonancia co disposto no artigo 6.º da dita lei, o Real decreto 1629/2006, do 29 de decembro, establece os aspectos básicos do currículo, que constitúen as respectivas ensinanzas mínimas nos niveis intermedio e avanzado, co fin de asegurar unha formación común e garantir a validez dos certificados correspondentes así como os elementos básicos dos documentos de avaliación.

O Decreto 191/2007, do 20 de setembro, establece a ordenación das ensinanzas de idiomas de réxime especial e os currículos do niveis básico e intermedio. Esta norma dispón que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulará o procedemento de avaliación, promoción e permanencia do alumnado destas ensinanzas, e que a avaliación das ensinanzas de idiomas de réxime especial se levará a cabo tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos no currículo.

Xa que logo, procede que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria aprobe as normas que rexerán a avaliación e a cualificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial en aplicación do disposto no Decreto 191/2007, do 20 de setembro.

En consecuencia, e de acordo co establecido na disposición derradeira primeira do Decreto 191/2007, do 20 de setembro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas de idiomas de réxime especial e os currículos dos niveis básico e intermedio, esta consellería

DISPÓN:

CAPÍTULO I

DA NATUREZA E DESENVOLVEMENTO DA AVALIACIÓN NAS ENSINANZAS DE IDIOMAS DE RÉXIME ESPECIAL

Artigo 1º.-*Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Esta orde ten por obxecto regular a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas

de idiomas de réxime especial, de acordo co establecido no Decreto 191/2007, do 20 de setembro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas de idiomas de réxime especial e os currículos dos niveis básico e intermedio.

2. Esta disposición será de aplicación nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia que estean autorizados para impartir estas ensinanzas.

Artigo 2º.-*Disposicións xerais na ordenación da avaliación nas ensinanzas de idiomas de réxime especial.*

1. A avaliación das ensinanzas de idiomas de réxime especial ten por obxecto valorar o grao de dominio que posúe o alumnado como usuario dun idioma determinado de forma que permita obter a certificación no idioma correspondente e, se é o caso, a adopción das medidas oportunas para mellorar o proceso de ensino aprendizaxe. Forma parte igualmente do proceso de avaliación das ensinanzas das escolas oficiais de idiomas a valoración da idoneidade das programacións elaboradas polos departamentos didácticos e a eficacia dos métodos e dos materiais e recursos utilizados para o logro dos obxectivos propostos.

2. As probas de avaliación serán elaboradas para verificar o grao de dominio en cada unha das destrezas lingüísticas, sen prexuízo do seu tratamento global no proceso de ensino aprendizaxe.

3. O alumnado deberá ser avaliado tomando como referencia os obxectivos, as competencias comunicativas e os criterios de avaliación establecidos para os niveis básico, intermedio e avanzado nos currículos dos idiomas respectivos. A consecución dos obxectivos de cada nivel conducirá á obtención da certificación que corresponda.

4. Os departamentos didácticos elaborarán as programacións didácticas para cada un dos cursos do nivel básico, intermedio e avanzado, secuenciando os obxectivos, contidos e criterios de avaliación establecidos nos currículos oficiais da comunidade galega.

5. As programacións didácticas especificarán os procedementos e os instrumentos de avaliación da aprendizaxe do alumnado. Igualmente, para permitir ao alumnado avaliar a súa propia aprendizaxe estableceranse procedementos de autoavaliación e coavaliación.

6. O alumnado ten dereito a ser avaliado conforme criterios de plena obxectividade, polo que as escolas oficiais de idiomas deberán facer públicos os criterios de avaliación e cualificación aplicables a cada destreza, así como os procedementos formais da avaliación e os criterios de corrección. Igualmente darán a coñecer os criterios para a promoción do

alumnado e para a obtención da certificación que corresponda.

Artigo 3º.-*Proceso de avaliación do alumnado.*

1. Cursos ordinarios das ensinanzas regradas:

a) Realizaranse tantas avaliacións por curso como se estableza no proxecto educativo do centro, cun mínimo de dúas, coincidindo a última coa avaliación final global.

b) Ademais, ao inicio de cada curso, o profesorado realizará unha avaliación inicial ou de diagnóstico do alumnado que terá carácter informativo para este e orientador para o profesorado, que establecerá as medidas pedagóxicas adecuadas.

c) O grao de dominio acadado nas diferentes destrezas será avaliado mediante os seguintes tipos de proba segundo corresponda:

1º Proba parcial de progreso: os departamentos didácticos realizarán esta proba ao alumnado presencial en todos os cursos dos diferentes niveis. Esta proba farase, con carácter xeral, ao finalizar o primeiro cuadrimestre.

2º Proba final de promoción: nos cursos non terminais de nivel o alumnado realizará unha proba final global elaborada polo correspondente departamento, que avaliará o grao de consecución dos obxectivos do curso.

3º Proba terminal de certificación: nos cursos terminais de nivel o alumnado realizará unha proba que será común a todas as modalidades e réximes de ensino en cada escola, e na cal se avaliará o grao de consecución dos obxectivos do nivel.

2. Cursos de actualización e especialización.

A avaliación do alumnado nos cursos de actualización e especialización realizarase de acordo co recollido na correspondente programación didáctica.

3. Programa «That's English!».

O alumnado que estea a cursar o programa de inglés a distancia «That's English!», ao rematar os módulos 5 e 9, deberá examinarse da proba final de certificación de nivel básico e intermedio respectivamente para acadar a certificación do dito nivel.

Artigo 4º.-*Proba parcial de progreso e proba final de promoción.*

1. Características xerais, estrutura e organización:

a) Estas dúas probas serán elaboradas, administradas e corrixiadas polo profesorado dos departamentos didácticos. A proba parcial de progreso deberá ela-

borarse e ser corrixiada de acordo coas especificacións establecidas por cada departamento. As probas de promoción terán carácter unificado para cada un dos diferentes cursos e serán corrixiadas polo profesor ou profesora correspondente.

b) A proba parcial de progreso realizarase ao finalizar o primeiro cuadrimestre. Nos cursos non terminais de nivel terá un valor porcentual do 30% respecto da cualificación final en cada unha das destrezas, e nos cursos que sexan terminais de nivel terá unicamente valor orientativo para o alumnado e servirá ao profesorado para coñecer o grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica.

c) No mes de xuño, nos cursos non terminais de nivel, celebrarase unha proba final de promoción que terá un valor porcentual do 70% respecto da cualificación final en cada unha das destrezas. No caso de que a cualificación da proba final de promoción sexa superior á da proba de progreso, prevalecerá aquela. Do mesmo xeito, esta proba final de promoción terá un valor de 100% para o alumnado que perda o dereito á avaliación continua.

d) A proba final de promoción realizarase no mes de xuño en convocatoria ordinaria e no mes de setembro en convocatoria extraordinaria. Na convocatoria extraordinaria o alumnado só terá que examinarse das destrezas non superadas na convocatoria ordinaria de xuño. Esta proba extraordinaria realizarase nos primeiros dez días de setembro e terá un valor do 100% para todo o alumnado.

e) Os departamentos didácticos establecerán criterios para a valoración positiva do rendemento e a participación do alumnado na aula; a dita valoración en ningún caso poderá superar o 10% da cualificación final do curso.

f) A proba parcial de progreso nos cursos intensivos realizarase no segundo mes de cada curso e a proba final de promoción ao finalizar o correspondente cuadrimestre.

2. Baremo e cualificación das probas:

a) Tanto a proba parcial de progreso como a proba final de promoción terán un valor de 100 puntos, e cada unha das súas catro partes 25 puntos.

b) Para promocionar de curso dentro do mesmo nivel o alumnado terá que acadar, polo menos, 15 puntos en cada unha das destrezas.

c) Non obstante o disposto no punto anterior, o alumnado promocionará de curso cando, non tendo

superado unha das destrezas, acade un mínimo de 10 puntos nela e 60 puntos na totalidade da proba.

d) O alumnado que non promocióne deberá repetir curso e ser avaliado de novo de todas as destrezas.

e) Os resultados das cualificacións das ensinanzas de idiomas de réxime especial expresaranse non termos Apto ou Non apto na convocatoria de xuño e, se é o caso, na convocatoria extraordinaria Non presentado. No caso de obter cualificación de apto, este resultado irá seguido da escala numérica de 5 a 10 entre paréntese, sen decimais e figurará nas actas de avaliación final correspondente e no expediente académico do/a alumno/a.

Artigo 5º.-*Probas terminais de certificación.*

1. Características xerais das probas e destinatarios:

a) Para obter os certificados dos niveis básico, intermedio e avanzado será necesaria a superación de probas terminais de certificación.

b) O nivel de competencia e o grao de dominio do idioma que se avalían nestas probas estableceranse en referencia aos obxectivos e criterios de avaliación establecidos nos currículos de cada idioma.

c) As probas terminais de certificación serán comúns para todas as modalidades e réximes de ensinanza en cada escola e permitirán o acceso directo ás ensinanzas do nivel inmediatamente superior.

2. Elaboración, administración e cualificación:

a) As probas correspondentes ao nivel básico serán elaboradas polos correspondentes departamentos didácticos seguindo as instrucións establecidas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no correspondente documento de especificacións.

b) As probas correspondentes ao nivel intermedio e avanzado serán elaboradas por equipos de redactores designados pola Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais. Estas probas elaboraranse seguindo o correspondente documento de especificacións e irán acompañadas dos solucións correspondentes.

c) As probas de nivel avanzado remitiranse ás escolas oficiais de idiomas, sendo responsabilidade dos equipos directivos e da xefatura de departamento correspondente a súa custodia ata a data de celebración de cada unha delas.

d) Nos idiomas impartidos nunha soa escola oficial de idiomas da comunidade, as probas serán elabora-

das polo departamento didáctico correspondente de acordo co establecido no documento de especificacións.

e) A administración, corrección e cualificación das probas será responsabilidade dos departamentos didácticos.

3. Estrutura, contido e organización das probas:

a) As probas correspondentes aos niveis básico, intermedio e avanzado estruturaránse en catro partes: comprensión de lectura, comprensión oral, expresión e interacción escrita, e expresión e interacción oral. A mediación poderá integrarse nas tarefas correspondentes á expresión e interacción escrita e á expresión e interacción oral.

b) O alumnado examínase de todas as partes da proba e ningunha delas será considerada eliminatória para a realización do resto delas. De non presentarse a algunha das partes da proba nas actas figurará a cualificación de non apto.

c) As probas correspondentes á comprensión de lectura e comprensión oral basearanse en textos auténticos ou adaptados extraídos das diferentes fontes de comunicación oral ou escrita. A tipoloxía das tarefas deberá ser a apropiada para avaliar tanto a comprensión global como a comprensión de aspectos máis particulares de cada un dos textos.

d) Na proba de expresión e interacción escrita, o alumnado deberá producir textos de diferente tipoloxía e rexistro.

e) A proba de expresión e interacción oral constará das tarefas necesarias para avaliar tanto o logro da comunicación proposta como a corrección e adecuación fonética e lingüística no uso da lingua, e comprenderá cando menos monólogo sostido e interacción co profesor ou outros aspirantes.

f) A cualificación da expresión e interacción escrita e da expresión e interacción oral das probas será realizada por, polo menos, dous membros do departamento correspondente.

4. Puntuación e cualificación:

a) A puntuación total da proba terminal de certificación para cada un dos niveis será de 100 puntos. Cada unha das catro partes nas que se estrutura a proba terá un valor de 25 puntos.

b) A cualificación será positiva cando se acaden, polo menos, 15 puntos en cada unha das destrezas. A cualificación outorgada ao alumnado será de apto, non apto ou, non presentado, segundo corresponda. En calquera caso non poderá figurar Non presentado na avaliación ordinaria do alumnado presencial.

c) O alumnado que non obteña a cualificación de apto nas probas terminais de certificación dos diferentes niveis poderá solicitar unha certificación académica de ter alcanzado o dominio requirido nalguna das destrezas que as probas avalíen, segundo o documento recollido no anexo I.

d) A cualificación de apto nas probas terminais de certificación dos niveis básico e intermedio permite o acceso aos niveis intermedio e avanzado respectivamente.

e) De non obter a cualificación de apto en todas as destrezas na convocatoria extraordinaria, o alumnado oficial deberá repetir curso e ser avaliado de novo de todas as destrezas.

5. Convocatoria das probas:

a) As probas terminais de certificación realizaranse no mes de xuño en convocatoria ordinaria e no mes de setembro en convocatoria extraordinaria. Na convocatoria extraordinaria o alumnado só terá que examinarse das destrezas non superadas na convocatoria ordinaria.

b) As datas e o horario para a realización das probas de nivel básico serán fixadas polas respectivas escolas oficiais de idiomas nos primeiros cinco días do mes de setembro.

c) A Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais establecerá anualmente as datas e horario, ao longo da primeira quincena de setembro, para a realización das probas de nivel intermedio e avanzado para os idiomas que se impartan en máis dunha escola.

d) As probas terminais de certificación correspondentes aos cursos intensivos autorizados realizaranse ao finalizar o correspondente cuatrimestre. Cando o curso teña lugar no primeiro cuatrimestre as probas terminais de certificación correspondentes serán elaboradas polos departamentos didácticos de acordo co establecido no documento de especificacións do nivel correspondente. A convocatoria extraordinaria destes cursos terá lugar no mes de setembro.

CAPÍTULO II

DA INFORMACIÓN, COMUNICACIÓN E PROCEDEMENTO DE RECLAMACIÓN DOS RESULTADOS DA AVALIACIÓN

Artigo 6º.-Información e comunicación dos resultados da avaliación.

1. Despois da avaliación resultante das probas de progreso, o/a profesor/a de cada grupo informará por

escrito o alumnado sobre o seu aproveitamento académico (anexo II).

2. Ao remate da proba de promoción e certificación, informarase por escrito o alumnado, ou os seus representantes legais no caso de menores de idade, acerca dos resultados da avaliación final. A dita información incluírá, cando menos, as cualificacións obtidas nas distintas destrezas comunicativas cursadas e, se é o caso, á promoción ao curso seguinte (segundo o modelo do anexo III).

Artigo 7º.-Procedemento para formular reclamacións sobre os resultados finais da avaliación.

1. O profesorado facilitará ao seu alumnado a revisión da proba parcial de progreso e da proba final de promoción informándoo dos obxectivos acadados.

2. O alumnado de todos os réximes e modalidades que estea en desacordo coa súa cualificación nas probas finais de promoción e terminais de certificación poderá presentar unha reclamación perante a dirección da escola oficial de idiomas no prazo de dous días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da mesma.

3. A reclamación terá que estar baseada nalgún dos seguintes aspectos:

a) Inadecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación da proba aos establecidos no currículo oficial e na programación didáctica do departamento correspondente.

b) Incorrecta aplicación dos procedementos e instrumentos de avaliación e/ou dos criterios de cualificación establecidos para estas probas.

4. A dirección da escola resolverá nos dous días hábiles seguintes á presentación da reclamación ratificando ou rectificando a cualificación. Para iso, solicitará do departamento o correspondente informe e informará por escrito ao alumnado implicado da resolución adoptada.

5. De continuar o desacordo coa cualificación, o alumnado ou o seu representante legal, no caso de menores de 18 anos, poderá interpoñer recurso de alzada perante a delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria contra a resolución da dirección da escola nun prazo de dous días hábiles a partir do día seguinte ao da súa recepción.

6. De producirse o recurso de alzada, o servizo provincial de inspección educativa solicitará á escola os seguintes documentos:

a) Reclamación do alumno ou alumna.

b) Informe do departamento didáctico e a resolución da dirección.

c) Informe do profesorado responsable da avaliación.

d) Proba ou probas contra as que se recorre e calquera outra documentación adicional que se considere pertinente.

7. No suposto de que o recurso de alzada se tramitase a través da dirección da escola oficial de idiomas, esta tramitará a reclamación acompañada dos documentos sinalados no punto anterior nun prazo non superior a 48 horas.

8. A inspección educativa poderá solicitar a intervención de especialistas no idioma obxecto de reclamación para elaborar o informe correspondente sobre os aspectos recollidos no número 3 deste artigo e sobre o cumprimento do establecido nesta orde por parte dos órganos competentes.

9. Visto o informe da inspección educativa, a delegación provincial resolverá no prazo dun mes a partir da presentación do recurso, poñendo esta resolución fin á vía administrativa.

CAPÍTULO III

DA PROMOCIÓN E DA PERMANENCIA DO ALUMNADO

Artigo 8º.-*Convocatorias, permanencia e asistencia.*

1. O alumnado oficial poderá permanecer en cada un dos niveis o dobre de anos establecidos para cada un deles pola lexislación vixente. Logo de esgotadas as convocatorias o alumnado non poderá cursar as ensinanzas en réxime presencial pero poderá inscribirse para realizar as probas terminais de certificación polo réxime libre.

2. O alumnado poderá solicitar ao centro a renuncia de matrícula ata o 30 de abril. A mencionada renuncia constará no expediente académico e nas actas de avaliación do alumnado mediante a oportuna dilixencia. Esta renuncia non computará para efectos de permanencia no curso e nivel correspondente. O alumnado que renuncie á matrícula e desexa, con posterioridade, continuar os seus estudos nas escolas oficiais de idiomas, deberá someterse de novo ao proceso de admisión.

3. Con carácter excepcional, poderase autorizar a ampliación nun ano de permanencia nun nivel en supostos de doenza que perturbe significativamente o desenvolvemento dos estudos ou noutros supostos que merezan igual consideración. Correspóndelle á delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria outorgar a

correspondente autorización, logo de solicitude do alumnado, que irá acompañada de xustificación documental.

4. O alumnado oficial presencial non poderá superar un número de faltas sen xustificar superior ao 20% das horas totais do curso. De facelo, nos cursos non finais de nivel perderá o dereito á que se teña en conta a cualificación da proba de progreso do mes de febreiro e á valoración da súa participación nas actividades lectivas. En todo caso, o alumnado terá dereito a realizar a proba final de promoción ou a terminal de certificación.

5. O alumnado que non se incorpore ao curso correspondente nos primeiros dez días lectivos sen xustificación documentada perante a dirección, perderá a condición de alumno oficial e a escola poderá dispoñer da súa praza para ser cuberta por outros aspirantes.

CAPÍTULO IV

DOS DOCUMENTOS DE AVALIACIÓN

Artigo 9º.-*Disposición xerais sobre os documentos de avaliación.*

1. Son documentos de avaliación nas ensinanzas de idiomas de réxime especial: as actas de avaliación, informe de cualificacións, o expediente académico e os informes de avaliación individualizados.

2. Cubrir, custodiar e arquivar os documentos de avaliación é responsabilidade do secretario ou secretaria do centro. Os ditos documentos, agás o informe de cualificacións, conservaranse no centro, mentres este exista. As delegacións provinciais proverán as medidas necesarias para a súa conservación ou traslado no caso da supresión do centro.

Artigo 10º.-*As actas de avaliación.*

1. As actas de avaliación redactaranse para cada un dos cursos das ensinanzas de idiomas de réxime especial, comprenderán a relación nominal do alumnado que compoñe o grupo e os resultados da avaliación final, e cubriranse cando remate o período lectivo ordinario.

2. As actas de avaliación incluírán tamén a promoción ao curso seguinte e, se é o caso, a permanencia dun ano máis no curso ou nivel, de acordo coas normas que regulan este suposto.

3. Nas actas correspondentes aos cursos finais de nivel das ensinanzas de idiomas de réxime especial, farase constar a proposta de expedición do certificado correspondente cando se superasen todas as destrezas comunicativas.

4. Unha copia das actas finais de cada grupo remítiráselle ao Servizo Provincial de Inspección.

5. As actas de avaliación axustaranse ao modelo e características que se determinan no anexo IV desta orde.

Artigo 11º.-O expediente académico.

1. O expediente académico persoal do alumnado é o documento básico que garante o traslado entre as distintas escolas oficiais de idiomas. Nel figurarán os datos de identificación da escola, os datos persoais do alumnado e os datos da matrícula. O seu deseño básico axustarase ao modelo que figura no anexo V desta orde.

2. O expediente académico recollerá toda aquela información referida ao alumnado, así como a proposta de expedición do certificado do nivel correspondente.

3. No expediente académico farase constar a estrutura de niveis e cursos, así como o número mínimo de horas lectivas por curso, de acordo co establecido no Decreto 191/2007, do 20 de setembro.

Artigo 12º.-O informe de avaliación individualizado.

1. Cando un alumno ou alumna se traslade a outro centro sen ter finalizado o curso escolar, o/a profesor/a do grupo confeccionará un informe de avaliación individualizado que conterá, polo menos, os seguintes elementos:

a) Apreciación sobre o grao de desenvolvemento das capacidades enunciadas nos obxectivos específicos do curso do nivel correspondente, así como sobre o grao de asimilación dos contidos.

b) Cualificacións parciais ou valoracións da aprendizaxe no caso de que se emitisen.

2. O informe de avaliación individualizado axustarase ao modelo e características que se determinan no anexo VI desta orde.

3. As escolas oficiais de idiomas poderán emitir, por petición dos interesados, certificación dos estudos realizados na que se especifiquen os idiomas cursados e as cualificacións obtidas. A certificación irá asinada polo secretario ou secretaria do centro e visada pola dirección.

Artigo 13º.-Custodia dos documentos.

1. Os expedientes académicos e as actas de cualificación arquivaranse e custodiaranse na secretaría do centro. As delegacións provinciais en materia de educación proverán as medidas adecuadas para a súa conservación ou traslado, en caso de supresión do centro.

2. Corresponderá ao/a secretario/a do centro, tanto a custodia destes documentos como a expedición de certificacións, logo de solicitude do alumnado, a partir dos datos recollidos no expediente académico.

3. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá establecer a centralización electrónica dos expedientes académicos, sen que supoña unha subrogación das facultades inherentes ás secretarías dos centros. En todo caso, esta opción deberá axustarse ao regulamento da organización da función informática, á utilización dos sistemas de informática e ao rexistro de ficheiros informatizados no ámbito da Administración galega.

4. Os exames, probas, e toda outra documentación relativa ao proceso de aprendizaxe e aproveitamento académico do alumnado, deberán quedar custodiados nos departamentos didácticos correspondentes ata rematar o mes de outubro do seguinte curso escolar, a non ser que debido a unha reclamación teñan que conservarse ata o remate do procedemento.

Artigo 14º.-Avaliación e certificación doutros cursos.

1. De conformidade co Decreto 191/2007, do 20 de setembro, polo que se regulan as ensinanzas de idiomas de réxime especial na comunidade galega e se establece o currículo de nivel básico y de nivel intermedio, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá autorizar nas escolas oficiais de idiomas a impartición de cursos monográficos para os niveis básico, intermedio e avanzado; cursos de formación e actualización do profesorado, así como outras ofertas formativas complementarias que respondan a unha demanda social. Do mesmo modo, as escolas oficiais de idiomas poderán, nos termos que dispoña a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, organizar e impartir cursos especializados para o perfeccionamento de competencias e idiomas, tanto nos niveis básico, intermedio e avanzado, como nos niveis C1 e C2, segundo estes niveis se definen no Marco común europeo de referencia para as linguas.

2. A superación de calquera destes cursos ou modalidades formativas, que deberá constar no expediente académico do/a alumno/a, non dará lugar á obtención de certificados de nivel; non obstante, as escolas oficiais de idiomas poderán certificar ao alumnado que así o solicite as horas cursadas e o aproveitamento nos cursos establecidos no punto 1 deste artigo (segundo o modelo do anexo VII).

3. A cualificación dos cursos correspondentes a esta oferta formativa complementaria expresarase en termos de apto ou non apto.

CAPÍTULO V

DA MOBILIDADE DO ALUMNADO

Artigo 15º.-*Traslado de expediente.*

1. O alumnado que desexe trasladar o expediente co fin de proseguir as ensinanzas oficiais de idiomas noutra escola da Comunidade Autónoma de Galicia deberá solicitar praza no centro de destino, presentando unha certificación académica expedida polo centro de orixe. A súa admisión estará condicionada á existencia de prazas vacantes no idioma e curso solicitado.

2. Para proceder ao traslado, o centro de orixe remitirá ao de destino, e por petición deste, copia autenticada do expediente académico do alumno.

3. O centro receptor abrirá o correspondente expediente académico, e a matrícula adquirirá carácter definitivo unha vez recibida a copia do expediente académico debidamente autenticada.

4. O traslado do expediente entre as escolas oficiais de idiomas de Galicia non comporta ningún custo económico para o alumnado.

5. O traslado de matrícula viva sen ter concluído o curso académico será posible nas mesmas condicións do punto anterior, xunto co informe de avaliación individualizado, de acordo co establecido no artigo 12º desta orde.

6. O alumnado que, sen finalizar o curso, se traslade a unha escola oficial de idiomas de Galicia procedente dunha escola oficial de idiomas doutra comunidade autónoma, terá que realizar os trámites que se prevén no punto 2 deste artigo e, ademais aboar as taxas establecidas para o curso en que se matrícula.

CAPÍTULO VI

DA CERTIFICACIÓN DAS ENSINANZAS DE IDIOMAS DE RÉXIME ESPECIAL

Artigo 16º.-*Certificados.*

1. As escolas oficiais de idiomas expedirán as certificacións académicas nos niveis básico, intermedio e avanzado dos idiomas que impartan para o alumnado de todos os cursos non finais de nivel. Ademais, expedirán os certificados académicos dos niveis básico e intermedio (segundo o anexo VIII).

2. Por proposta da escola oficial de idiomas correspondente a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria expedirá os certificados que acrediten que a persoa interesada ten superado o nivel avanzado dun idioma.

Disposicións adicionais

Primeira.-Adaptación ao alumnado con discapacidade.

1. A organización e aplicación das probas para a obtención das certificacións por parte do alumnado con discapacidade basearanse no principio de igualdade de oportunidades, non discriminación e compensación de desvantaxes. Así, na celebración das probas deberanse adaptar, se é o caso, á duración e ás condicións de realización delas.

2. O alumnado nestas circunstancias deberá, no momento da matrícula, achegar documentación acreditativa da súa minusvalidez, cubrir a documentación achegada pola escola oficial de idiomas que o porá en coñecemento dos equipos de orientación específicos dependentes da delegación provincial de Educación respectiva para as adaptacións pertinentes (anexo IX)

3. Estas circunstancias deberán quedar reflectidas no expediente académico do alumnado.

Segunda.-Incorporación do alumnado con destrezas pendentes procedente doutras comunidades autónomas.

O alumnado que se incorpore aos estudos de ensinanzas de idiomas de réxime especial procedente doutra comunidade autónoma incorporárase ao curso que lle corresponda segundo o plan de estudos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposicións derogatorias

Única.-Derrogación normativa.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior categoría se opoñan ao establecido nesta orde.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Habilitación normativa.

Autorízase a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais para adoptar as medidas necesarias para a execución e desenvolvemento do establecido nesta orde.


Segunda.-Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2008.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO I



EOI
Código
Enderezo
Localidade Tel.

Don/Dona secretario/a da
Escola Oficial de Idiomas de

CERTIFICA que o/a alumno/a

Don/Dona
con DNI e matriculado no ano académico 20.....-20..... no
idioma curso nivel

Acadou nas probas terminais de certificación no nivel arriba indicado o dominio requirido nas seguintes destrezas:

1.
2.
3.
4.

O que asino para os efectos oportunos, co visto e prace do/a director/a da escola,
en 0 de de 20....

O/A secretario/a Visto e prace do director/a

Asdc.: Asdo.:

ANEXO II



EOI
Código
Enderezo
Localidade Tel.

ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE
Curso 20.... - 20....

Alumno/a
Idioma Curso Nivel

PROBA PARCIAL DE PROGRESO

Comprensión escrita (25)

Comprensión oral (25)

Expresión e interacción escrita (25)


Expresión e interacción oral (25)

Puntuación total da proba (100)
Observacións:

....., de de 20....

Asdo.:
Profesor/a do grupo

ANEXO III



EOI
 Código
 Enderezo
 Localidade Tel.

ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE
 Curso 20.... - 20....
 Alumno/a Curso Nivel

PROBA TERMINAL DE CERTIFICACIÓN
CONVOCATORIA ORDINARIA
 Comprensión escrita (25)
 Comprensión oral (25)
 Expresión e interacción escrita (25)
 Expresión e interacción oral (25)
Puntuación total da proba (100)

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA
 Comprensión escrita (25)
 Comprensión oral (25)
 Expresión e interacción escrita (25)
 Expresión e interacción oral (25)
Puntuación total da proba (100)

PROMOCIÓN ao
 Observacións:

O/A secretario/a Visto e prace do director/a de 20....

Asdo.: Asdo.:

ANEXO III



EOI
 Código
 Enderezo
 Localidade Tel.

ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE
 Curso 20.... - 20....
 Alumno/a Curso Nivel

PROBA FINAL DE PROMOCIÓN
 Comprensión escrita (25)
 Comprensión oral (25)
 Expresión e interacción escrita (25)
 Expresión e interacción oral (25)

Puntuación total da proba (100)

Media aritmética cualificacións do curso:
 Puntuación total proba parcial de progreso: 30%:
 Puntuación total proba final de promoción: 70%:
Puntuación final (100):
 Puntuación total proba final de promoción convocatoria extraordinaria
Puntuación final (100):

Observacións:

..... de de 20....

Asdo.:
 Profesor/a do grupo

ANEXO V (Dorso)

EQUIVALENCIAS

NB1= 1º curso nivel básico
 NB2= 2º curso nivel básico
 NB3= 3º curso nivel básico
 NI1= 1º curso nivel intermedio
 NI2= 2º curso nivel intermedio
 NI3= 3º curso nivel intermedio
 NA1= 1º curso nivel avanzado
 NA2= 2º curso nivel avanzado
 CNB= Certificado do nivel básico
 CNI= Certificado do nivel intermedio
 CNA= Certificado do nivel avanzado
 Conv.= Superación número convocatorias establecidas
 ADT= Acceso directo por titulación
 APC= Acceso por probas de clasificación
 CE= Curso especializado
 TC= Traslado de centro
 RM= Renuncia á matrícula
 CM= Cambio de modalidade de ensino
 PCN= Proposta de certificado de nivel

*Ensinso modalidade presencial: 130 horas por curso

ANEXO VI



EOI
 Código
 Enderezo
 Localidade Tel.

INFORME DE AVALIACIÓN INDIVIDUALIZADO

ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS
 Ano académico 20.....-20.... Alumno/a Nº
 expte.: DNI natural de
 provincia país nado/a o de
 de domiciliado/a en rúa
 DP
 Idioma Grupo Curso Nivel
 Modalidade(1)

Apreciación sobre o grao de desenvolvemento das capacidades enunciadas nos obxectivos específicos do curso do nivel correspondente, así como sobre o grao de asimilación dos contidos:

Cualificacións parciais ou valoracións da aprendizaxe no caso de que se emitisen:

Proba parcial de progreso (se é o caso)

Comprensión de lectura: Expresión e interacción escrita:
 Comprensión oral: Expresión e interacción oral:

Cualificación final:

OBSERVACIÓNS:

O/A profesor/a Visto e prace
 Asdo.: Xefatura de estudos
 Asdo.:



ANEXO VIII

EOI de
Delegación Provincial da Consellería de Educación e O.U. de

D./Dª (alumno/a)

nado o día ... de ... de ... en, de nacionalidade, con NIF/NIE, superou os estudos regulados polo Decreto 191/2007, do 20 de setembro (DOG do 9 de outubro) na Escola Oficial de Idiomas de, código, en de, e expídese ao seu favor, o presente

nacido el día ... de ... de ... en, de nacionalidad, con NIF/NIE, ha superado los estudios regulados por el Decreto 191/2007, de 20 de septiembre (DOG de 9 de octubre) en la Escuela Oficial de Idiomas de, código, en de, y se expide a su favor, el presente

CERTIFICADO DE NIVEL BÁSICO/INTERMEDIO (nivel do MCRL)

CERTIFICADO DE NIVEL BÁSICO/INTERMEDIO (nivel del MCRL)

con carácter oficial e validez en todo o territorio español que o faculta para exercer os dereitos que este certificado lle outorgan as disposicións vixentes.

con carácter oficial y validez en todo el territorio español que le faculta para ejercer los derechos que este certificado le otorgan las disposiciones vigentes.

(Lugar e data)

(Lugar y fecha)

O/A secretario/a

El/La directora/a

Asdo.:

Fdo.:

ANEXO VII

EOI
Código
Enderezo
Localidade Tel.



Form box containing: ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE ... CURSOS DE ACTUALIZACIÓN E ESPECIALIZACIÓN CURSO ... NIVEL ... Don/Dona ... como secretario/a da Escola Oficial de Idiomas de ... CERTIFICA que: Don/Dona ... e nacido o día ... de ... de ... en ... provincia ... país ... curso con aproveitamento con data do ... de ... de ... as ensinanzas correspondentes ao curso de actualización e especialización denominado ... das ensinanzas de idiomas de réxime especial, coa cualificación de ... O que se certifica en ... de ... de 20... Vº e prace O/A director/a O/A secretario/a Selo da escola Asdo.

(Ver o dorso)

ANEXO VII (Dorso)

Nivel do Marco europeo común de referencia para as linguas (MCRL)

ANEXO IX



En cumprimento do establecido na disposición adicional cuarta do Decreto 191/2007, do 20 de setembro¹ no que se recolle que, o deseño, a administración e a avaliación das probas para a obtención dos certificados por parte do alumnado con discapacidade basearase nos principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e compensación de desvantaxes. Os procedementos de avaliación conterán as medidas que resulten necesarias para a súa adaptación ás necesidades especiais deste alumnado.

Solicita

Que se fagan as adaptacións pertinentes para garantir unha proba de acordo cos principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e compensación de desvantaxes.

O/a alumno/a con
 DN/NIE , domicilio en código postal
 na rúa nº andar/porta teléfono
 correo electrónico matriculado na
 modalidade de libre para a PROBA DE CERTIFICACIÓN de nivel

- BÁSICO de (ESPECIFICAR LINGUA)
- INTERMEDIO de no curso académico
- AVANZADO de no curso académico

CERTIFICA que presenta a seguinte dificultade sensorial ou motora que lle impide desenvolver con normalidade a devandita proba:

Asemade, para xustificalo, presenta os seguintes informes/certificados² emitidos polas seccións provinciais de cualificación e valoración de discapacidade:

..... de

¹ Decreto 191/2007, do 20 de setembro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas de idiomas de réxime especial e os currículos nos niveis básico e intermedio

² Este documento non ten validez sen documentación xustificativa

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde do 12 de setembro de 2008 pola que se clasifica de interese social a Fundación Funditea.

Visto o expediente de clasificación da *Fundación Funditea*, con domicilio en Vigo.

Supostos de feito.

Primeiro.-María José Ferradán Villar, na súa condición de presidenta da fundación, formulou solicitude de clasificación para os efectos da súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Segundo.-A fundación foi constituída en escritura pública outorgada en Vigo o día vinte e seis de decembro de dous mil sete, ante o notario César Cunqueiro González-Seco, co número de protocolo mil cincocentos trinta e catro, por María José Ferradán Villar, Juan Manuel Ferradán Villar e Amelia María Varela Caride interveñen todos no seu nome e dereito, e María José Ferradán Villar interveñ ademais en nome e representación dos cónxuxes Carlos Jesús López Ferradán e Amor Admella Baulies. Esta escritura foi emendada por outras dúas outorgadas ante o mesmo notario en datas vinte e un de abril

de dous mil oito, con número de protocolo mil seiscientos cinco e dez de xullo de dous mil oito, con número de protocolo dous mil novecentos oitenta e un.

Terceiro.-A dotación inicial da fundación é de trinta mil euros, importe desembolsado integramente e depositado en entidade bancaria a nome da fundación.

Cuarto.-Segundo consta no artigo 6 dos seus estatutos, a fundación ten por obxecto mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade con especial incidencia nas persoas con trastorno do espectro autista, en adiante TEA.

A fundación desenvolverá esta misión concretando os seus obxectivos nas seguintes áreas:

a) Como entidade tutelar, asumindo o exercicio da tutela ou outras figuras xurídicas de garda e protección e a administración de bens de persoas con discapacidade, especialmente aquelas con TEA, legalmente incapacitadas.

b) Promovendo e xestionando recursos residenciais, de lecer e tempo libre e de rehabilitación psico-social e laboral que contribúan ao benestar ou á mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade, especialmente aquelas con TEA.

c) Xerando emprego, mediante calquera forma legal, protexido ou non, para a integración laboral